

## POSIBLES IDEAS PARA UNA HOMILÍA CON NENOS

# Enchamos as vasillas de AUGA sabendo que TI as transformarás en VIÑO

### 1. VER: Da auga ao viño

-Comezamos o tempo ordinario tralo Nadal? ***Que é este tempo?***

-A auga é imprescindible na vida para beber, lavarnos, regar, bañarnos. O viño na biblia significa festa, alegría compartida, amor, alianza. O viño aparece nas vodas de Caná (auga convertida en viño, o mellor viño) e o viño que se transformou no sangue redentor de Cristo na Última Cea.

***Es responsable coa utilización da auga?  
Que sería dunha vida sen alegría e sen amor?***

### 2. XULGAR: Xesús transforma a auga en viño

-No evanxeo de hoxe, máis que un milagre (o primeiro), Xesús fai un signo de que el era especial, o Fillo de Deus. **“Faltou o viño”** e María, confiada, dáse conta e di a Xesús: **“-non lles queda viño”**. E logo aos servidores: **“-facede o que el diga”**. **“Encheron as tallas de auga”** e volveu a alegría naquela voda.

### .QUE NOS QUERE DICIR?

-A nosa misión é **“encher as vasillas de auga”**:

\*Como María esteamos atentos ás necesidades que hai ao noso redor, debemos **facер as cousas ben**, cumprir o noso deber, o ordinario da vida, con amor? Facemos “o que Xesús nos diga” cada día.

\*A nivel de Igrexa vaiamos achegando a nosa colaboración, os carismas (a nosa sinxela auga) nos grupos, reunións, plans, catequese, encontros...

-E Xesús fará o milagre de transformar esa auga en viño, en graza, en algo grande, milagroso. Temos confianza activa na forza de Deus, estamos nas súas mans, todo é graza de Deus. El poñerá a alegría, transformará tanta vida, tanta creatividade, nun viño de prestixio que alegra o corazón do mundo. Dicióo santo Ignacio: *"Fai as cousas coma se todo dependese de ti e confía no resultado coma se todo dependese de Deus"*.

**Como poñernos nas mans de Deus?**

### **3. ACTUAR: Enche as vasillas de alegría e amor**

-Vede que vos pide Xesús e como facelo: estudo, deber, alegría...

-Como María, ás noites pensade en alguén próximo que necesite algo e dicídelo a Xesús e a María: “non teñen viño”, o viño do *traballo, comida, saúde, casa, compañía, agarimo, esperanza, ilusión para seguir vivindo...* Poñede no presbiterio vasillas con estas necesidades.

-Vive con alegría, a “alegría do evanxeo” (Francisco) e pensa que o viño de Xesús é incomparablemente máis bo que todas as “litronas”.

**Que imos facer?**

# A PALABRA

**ISAÍAS 62,1-5:** *Alédase o marido coa súa esposa.*

Por amor a Sión non calarei, por amor de Xerusalén non descansarei, ata que rompa a aurora da súa xustiza, e a súa salvación brille como un facho. Os pobos verán a túa xustiza, e os reis a túa gloria; poñeranche un nome novo, pronunciado pola boca do Señor. Serás coroa fúlxida na man do Señor e diadema real na palma do teu Deus.

Xa non che chamarán «Abandonada», nin á túa terra «Devastada»; a ti chamaranche «A miña predilecta», e á túa terra «Desposada», porque o Señor prefírete a ti, e a túa terra terá un esposo.

Como un mozo casa cunha doncela, así casa contigo o teu Construtor. **Como se aleda o marido coa súa esposa, alédase o teu Deus contigo.**

*Palabra do Señor*

**SALMO 95:**

**Contade as marabillas do Señor a todas as nacións.**

**1 CORINTIOS 12,4-11:** *O mesmo e único Espírito reparte en particular como el quere.*

**XOÁN 2,1-12:** *Este foi o primeiro dos signos que Xesús realizou en Caná de Galilea.*

**Narrador:** Naquel tempo, había unha voda en Caná de Galilea, e a nai de Xesús estaba alí. Xesús e os seus discípulos estaban tamén invitados á voda. Faltou o viño, e a nai de Xesús díxolle:

**María:** -«*Non teñen viño*».

**Narrador:** Xesús dille:

**Xesús:** -«*Muller, que teño eu que ver contigo? Aínda non chegou a miña hora*».

**Narrador:** A súa nai díxolle aos servidores:

**María:** -«*Facede o que el vos diga*».

**Narrador:** Había alí colocadas seis tallas de pedra, para as purificacións dos xudeus, duns cen litros cada unha. Xesús ordenoulles:

**Xesús:** -«*Enchede as tallas de auga*».

**Narrador:** E enchéronas ata arriba. Entón díxolles:

**Xesús:** -«*Sacade agora e levádeo ao mordomo*».

**Narrador:** Eles leváronllo. O mordomo probou a auga convertida en viño sen saber de onde viña (os servidores si que o sabían, pois sacaran a auga), e entón chamou o esposo e díxolle:

**Mordomo:** -«*Todo o mundo pon primeiro o viño bo e, cando xa están bebidos, o peor; ti, en cambio, gardaches o viño bo ata agora*».

**Narrador:** Este foi o primeiro dos **signos** que Xesús realizou en Caná de Galilea; así manifestou a súa gloria e os seus discípulos creron nel. **Palabra do Señor.**

*(Narrador-María-Xesús-Mordomo)*